



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Plan de continxencia COVID-19

CPI A Xunqueira



Curso 2020/21

IDENTIFICACIÓN DO CENTRO			
Centro	CPI A Xunqueira		
Código	15023405		
Dirección	Avda. do Mar s/n		
Código Postal	15500	Teléfono	881 930 110
Poboación	Fene		
Correo electrónico	cpi.axunqueira@edu.xunta.gal		

EQUIPO COVID		
Directora	Isabel Hermida Rodríguez	
Secretario	Diego Calviño Fernández	
Xefa Estudos Primaria	M. Dolores Yáñez Casal	
Xefa de Estudos Secundaria	María Anca Casal	

CONTACTOS DE INTERESE		
ATENCIÓN PRIMARIA	PERSOAS DE REFERENCIA	CORREO CONTACTO
Centro de saúde de Fene	Francisco Malvar Fdez. Eva Regueria Pan (reserva)	centro.saude.fene@sergas.es

ÍNDICE

1. Actuacións nas diferentes situacións do contexto COVID 19.....	4
1.1. Cando non haxa gromos.....	4
1.2. Modalidade semipresencial.....	4
1.3. Modalidade non presencial.....	5
2. CANLES DE COMUNICACIÓN	5
3. XESTIÓN DOS GROMOS.....	6
3.1. Ante a presenza dos síntomas.....	7
3.2. No caso de que unha persoa comece a ter síntomas no centro.....	7
3.3. Medidas para o período de actividade non presencial.....	7
3.4. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial	8

1. Actuacións nas diferentes situacións do contexto COVID 19

Haberá que distinguir tres escenarios:

1.1. Cando non haxa gromos

O proceso educativo será presencial desenvolvéndose coa maior normalidade posible, cumprindo coas medidas e protocolos previstas neste Plan de Adaptación e Continxencia.

Normas específicas relativas á metodoloxía na aula e nas programacións

Os centro utilizará as solucións tecnolóxicas implantadas na modalidade presencial, pero aproveitará o mes de setembro para a posta en marcha, por se fose necesario, cunha ensinanza a distancia.

As aulas virtuais utilizaranse no suposto de educación a distancia para todo o alumnado do centro. De non ser posible para todos, habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeo chamadas para manter contacto coas familias.

No caso do alumnado, no suposto de educación a distancia, que non poida acceder ás aulas virtuais habilitarase un modo alternativo para a comunicación cos pais e o mantemento da actividade lectiva.

Todo o profesorado comprobará á maior brevidade que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e a metodoloxía que se seguiría no caso dunha hipotética suspensión da actividade presencial. Dedicará o tempo que precise para afianzar ditas destrezas.

Crearase un usuario na aula virtual para o inspector do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais, facilitándolle ao inspector dita clave.

Incluirase na programación a metodoloxía que se seguirá no caso de ensino a distancia. Ademais deberá figurar tamén o modo alternativo para aquel alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática, aproveitando o período presencial para comprobar o seu funcionamento.

No mes de setembro, os titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso do ensino a distancia. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e das súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

1.2. Modalidade semipresencial

Neste apartado definirase un escenario semipresencial, segundo figura no Protocolo de Adaptación ao Contexto do COVID 19 publicado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Normas específicas relativas á metodoloxía na aula e nas programacións

Aparte das clases presenciais, todo o Claustro utilizará as seguintes plataformas virtuais:

Google Meet, Google Groups

Google Classroom e Aula Virtual: como plataformas de intercambio alumnado/profesorado de tarefas escolares.

BLOGGER poderá proporcionar tamén información das tarefas e actividades a realizar.

Procurarase que os docentes reciban a formación necesaria, a través do CFR e do PFPP, para a posta en marcha dos recursos telemáticos que se utilizarán nesta fase.

Para aqueles alumnos/as que precisen que o centro lles proporcione algunha solución de tipo tecnolóxico, manterase contacto con Servizos Sociais e CFR para buscar unha solución conxunta.

Outras medidas a tomar

Suspensión das actividades extraescolares.

Suspensión do comedor e do servizo de cafetería???

Adecuación do servizo de limpeza a esta situación.

1.3. Modalidade non presencial

Será a autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, quen ordene o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro. A suspensión da actividade presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

Normas específicas relativas á metodoloxía na aula e nas programacións

Aparte das clases presenciais, todo o Claustro utilizará as seguintes plataformas virtuais:

Google Meet, Google Groups

Google Classroom e Aula Virtual: como plataformas de intercambio alumnado/profesorado de tarefas escolares.

BLOGGER poderá proporcionar tamén información das tarefas e actividades a realizar.

Procurarase que os docentes reciban a formación necesaria, a través do CFR e do PFPP, para a posta en marcha das aplicacións telemáticas que se utilizarán nesta fase.

Para aqueles alumnos/as que precisen que o centro lles proporcione algunha solución de tipo tecnolóxico, manterase contacto con Servizos Sociais e CFR para buscar unha solución conxunta.

Outras medidas a tomar

Suspensión das actividades complementarias

Suspensión do comedor e do servizo de cafetería???

Adecuación do servizo de limpeza a esta situación.

Suspensión do transporte escolar.

2. CANLES DE COMUNICACIÓN

	Canal de comunicación		Observacións	
Equipo Directivo	@	@edu.xunta.gal @cpiaxunqueira.com	Convocatorias Informacións Documentación	Persoal docente
	Meet Cisco Webex		Reunións de Claustro Consellos escolares CCP	

		D. Orientación e equipos docentes	
	Teléfono	Informacións puntuais e incidencias	
	Teléfono	981 342 607	Non docente
	Teléfono		Servizos Sociais
			Centro de saúde
			Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional e Consellería de Sanidade
Profesorado	Meet	BLOGGER	Alumnado
	Google Classroom	Web do centro	
	Aula Virtual	@cpiaxunqueira.com	
	Correo electrónico		Pais
	Teléfono		Nais
	Abalar Móbil		Titores

3. XESTIÓN DOS GROMOS

Non asistirán ao centro aqueles alumnos/as, docentes e outro persoal do centro que teña síntomas compatibles co COVID 19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID 19 ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID 19.

A continuación indícanse os síntomas cos que non deberán acudir ao centro tanto alumnos/as coma persoal:

Se tes estes síntomas, non veñas ao cole:		
Febre >37,5°C	Tos seca	Malestar xeral
Dor de garganta	Dificultade respiratoria	Fatiga severa (cansazo)
Dor muscular	Falta de olfacto	Falta de gusto
Vómitos	Diarrea	

Antes de enviar aos teus fillos/as ao cole:
Revisa se presenta algún dos síntomas anteriores
Toma a diario a temperatura dos teus fillos/as.

3.1. Ante a presenza dos síntomas

Non deben acudir ao centro nin alumnado nin profesorado.

No caso dos alumnos/as, os pais/nais/titores deberán poñerse en contacto, preferiblemente telefónico, co seu médico/pediatra; en caso de presentar signos de gravidade, os pais deberán chamar ao 112.

Non deberán incorporarse ao centro (tanto alumnado coma persoal) con diagnóstico confirmado ou sospeita de COVID 19, nin as que estivesen en contacto cunha persoa con sospeita ou confirmación de COVID 19, que deberán seguir a prescrición médica e permanecer en corentena ou illamento segundo corresponda.

3.2. No caso de que unha persoa comece a ter síntomas no centro

Deberá ser levada ao espazo ou sala designado para tal fin no centro.

Os menores deberán estar sempre acompañados dun adulto que deberá ir provisto dunha máscara FFP2.

Á persoa que presenta síntomas se lle proporcionará unha máscara cirúrxica. Contactarase coa familia, Débese chamar ao centro de saúde de referencia do SERGAS e seguiranse instrucións. Nos casos que presenten síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria avisarase tamén ao 061.

Nos casos de traballadores, aos primeiros síntomas deberá abandonar o seu posto de traballo e contactar co seu centro de saúde ou médico de familia.

Se se descarta a enfermidade COVID 19 (ben por síntomas ou ben polos resultados dunha proba médica) a persoa en cuestión poderá volver ao centro educativo, sempre que o seu estado de saúde llo permita.

Se se confirma o contaxio, a persoa coordinadora do equipo contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será esta quen rastree os contaxios, enviando a listaxe á Central de Seguimento de Contaxios quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

Tras a aparición dun caso de diagnóstico da COVID 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que unha parte do centro (aula ou grupo de aulas) teña que estar illada, mantendo o funcionamento do resto de forma habitual en función do número de contactos en cada abrocho.

Será a autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, quen determine en cada caso o número de persoal e de alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao Equipo COVID 19 do centro para a súa comunicación á comunidade educativa.

3.3. Medidas para o período de actividade non presencial

Será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da Aula Virtual ou Classroom. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos achegados polo profesor/a ou ben os que poña a disposición a Consellería. O profesorado poderá poñer tarefas que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O Equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación vía telemática.

Por cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial, a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan no tempo coa suspensión.

Durante o período da actividade presencial o centro ten previsto as medidas que figuran no epígrafe 14.

3.4. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial

Unha vez rematado o peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de activación por fases para o reinicio da actividade lectiva. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.